



Fronteiras curtas

Corée vu par douze auteurs · Casterman. 2006 · 224 páx. · 13 euros · **Corea - vista por doce autores (Ed. esp)** · Ponent Mon, 2007 · 16 euros

Doce autores de cómic, seis do ámbito francés e seis do *manhwa* coreano, unen as súas historias nun álbum que nace coa intención de ofrecerlle ao mundo occidental un achegamento a Corea –ou ‘o país da mañá tranquila’ como reza o tópico–, sen dúbida o gran descoñecido dos países asiáticos. Pero convén antes de nada que nos situemos no mapa: por Corea hai que entender Corea do Sur, pois a República Democrática Popular de Corea, a Corea do Norte, non entra na fotografía que propoñen os franceses por razóns evidentes, entre elas a fronteira física e política que separa ambas partes, ou que, digamos, separa hermeticamente a Corea do Norte do resto do mundo.

O proxecto, que nace coa colaboración da embaixada francesa en Seúl, parte da viaxe de seis autores franceses á capital, e atópase na liña daquel *Xapón visto por 17 autores* que chegou ás nosas latitudes tamén da man de PonentMon.

Por suposto, os autores da parte coreana son para nós, agás excepcións, auténticos descoñecidos, mentres que entre os franceses atopamos nomes familiares, algún deles vinculados coas xentes de L'Association, como Hervé Tanquerelle ou Mathieu Sapin, e outros, como Bouzard, Igor (excepción italiana da excursión), Catel ou Vanyda, recoñecidos por diversos premios e publicacións.

A visión dos franceses non pasa de ser, en maior ou menor medida, a do turista fascinado pola cultura exótica ou ben o relato da propia experiencia da viaxe, presentada baixo diversas miradas, que van dende o humor de Bouzard en ‘Operación Capitán Zidane’ ata a busca de identidade que propón Vanyda en ‘Ah Pilsung Korea!’.

Fronte a iso, as mellores e máis interesantes historias do



volume saen dos lapis dos artistas coreanos, que achegan un retrato traído da súa propia tradición e cultura con temas de absoluta universalidade. Na nómina de autores coreanos destacan as historias con fondo social de Chaemin, ou as narracións de Choi Kyu-sok e Byun Ki-hyun, que escollen a metáfora dos animais como protagonistas. Ambos son tamén autores do álbum *Nouilles Tchajand* publicado en Francia no 2005. Doutra banda sitúanse as historias de raíz tradicional e linguaxe poética de Lee Doo-ho na ‘Árbore de Solgeo’, Park Heung-yong en ‘Cinsenta’ ou Lee Hee-Jae en ‘O piñeiro’, que son do melloriño desta publicación poliédrica que acurta as fronteiras do mundo.

// **maría lado**